

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 16 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2014 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. *Creación do premio, convocatoria e bases reguladoras*

1. Institúense os premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2014 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos mellores proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Apróbanse as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2014.

Os premios recoñecerán os mellores proxectos piloto de xestión compartida de servizos, promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora dos sistemas xa implantados ou para novos proxectos de establecemento e organización da xestión compartida de servizos.

3. Así mesmo, mediante esta orde convócanse os devanditos premios para o ano 2014.

Sección 1ª. Bases reguladoras

Artigo 2. *Obxecto e réxime*

1. Estas bases teñen por obxecto regular a concesión dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2014, instituídos para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos mellores proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora dos



sistemas xa implantados ou para novos proxectos de establecemento e organización da xestión compartida de servizos.

Para os efectos desta orde, só terán a consideración de servizo os recollidos no artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2. A concesión dos premios realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consonte os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

3. Os premios terán os importes indicados no artigo 14 desta orde. Cada un dos premios outorgarase de xeito individual a unha única candidatura ou ben declararase deserto.

Así mesmo, o xurado poderá outorgar unha ou varias mencións especiais a algúns dos proxectos participantes, que non terá dotación económica. As entidades ganadoras desta mención especial recibirán un diploma de Entidade Local Subvencionable, que poderá puntuar e terse en conta para futuras convocatorias de axudas, subvencións ou convenios aínda que en ningún caso levarán consigo compromiso económico por parte da Administración autonómica.

4. Todas as entidades premiadas e as distinguidas con mención especial recibirán un diploma Cooperación Galicia Entidades Locais e, no caso das premiadas, o importe do premio, que lles será aboado mediante transferencia bancaria.

5. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado no número 1 deste artigo, as candidaturas serán examinadas por un xurado, que terá carácter de comisión avaliadora e que se axustará aos principios contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. *Destinatarios*

1. Poderán optar a estes premios as agrupacións de concellos de Galicia, as mancomunidades de concellos de Galicia, os consorcios locais galegos e as áreas metropolitanas, se as houber, que presenten un proxecto piloto de xestión compartida de servizos para a mellora dos sistemas xa implantados ou para novos proxectos de establecemento e organización da xestión compartida de servizos.



Para os efectos desta orde, considérase agrupación de concellos unha candidatura subsrita por dous ou máis concellos.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades en que se dean algunhas das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Todas as entidades participantes deberán cumprir o requisito de ter remitidas ao Consello de Contas de Galicia as contas do exercicio orzamentario de 2012. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación e a súa falta de acreditación por parte dalgún dos participantes na candidatura supoñerá a inadmisión desta. No caso de agrupacións de concellos, este requisito deberá acreditalo cada un dos concellos integrantes da agrupación.

4. Non se admitirán as solicitudes presentadas por consorcios locais dos cales forma parte a Xunta de Galicia e financie, en todo ou en parte, os seus gastos de funcionamento.

Artigo 4. *Iniciación*

1. As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta orde deberán solicitalo na forma e no prazo que se indica no artigo 15 desta orde.

2. As solicitudes irán dirixidas á Dirección Xeral de Administración Local, segundo o modelo que figura como anexo I a esta orde, e irán acompañadas da documentación que se especifica no número seguinte.

3. As entidades solicitantes deberán xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a. Proxecto piloto de xestión compartida de servizos co seguinte contido mínimo, concretado adecuadamente para facilitar a valoración consonte os criterios establecidos no artigo 8 e coa estrutura que se indica a continuación:

– Sección 1. Relación e descrición dos servizos cuxa xestión compartida se pretende establecer ou mellorar e cifra de poboación atendida por cada servizo. As categorías de servizos serán as establecidas no artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



– Sección 2. Situación actual da prestación dos servizos nos concellos integrados na agrupación, mancomunidade, consorcio ou área metropolitana, poboación total, número de núcleos de poboación da área e extensión territorial en km².

– Sección 3. Obxectivos que se establecen para a implantación ou mellora do modelo de xestión compartida.

– Sección 4. Procedemento de implantación, xestión e supervisión do proxecto.

– Sección 5. Orzamento detallado do proxecto.

– Sección 6. Estudo económico comparativo da estimación dos custos de xestión individual por cada concello fronte á estimación de custos da súa xestión compartida, en relación cos recursos materiais, persoais e económicos necesarios para a prestación dos servizos que integran o proxecto piloto, con especial incidencia na aplicación de criterios de eficacia e eficiencia e racionalización de actuacións e o aforro de custos sen perda de calidade na prestación.

Este estudo económico deberá incluír, en todo caso, un cadro comparativo de aforro de custos en que se consignarán os datos da diferenza dos custos da execución compartida do proxecto piloto respecto da execución individual da prestación dos servizos por cada concello participante.

Neste cadro comparativo consignaranse o importe total do orzamento da actuación conxunta e os importes en euros que representen o cálculo do custo que a prestación individual dos servizos produciría para cada un dos concellos de non optaren pola xestión compartida.

– Sección 7. Cronograma da implantación do proxecto piloto. Os proxectos presentados deberán axustarse a un teórico prazo máximo de implantación de 12 meses.

b. Declaración responsable asinada polo representante da agrupación de concellos, consorcio, mancomunidade ou área metropolitana, segundo o modelo do anexo I desta orde, en que se faga constar:

– O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o proxecto que se presenta á convocatoria do premio Coopera Galicia Entidades Locais, de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, se é o caso, as contías solicitadas ou concedidas.



– Que a entidade solicitante ou, se é o caso, ningún dos concellos integrantes da agrupación que participan na solicitude, non está incurso/o en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

No caso das agrupacións de concellos, estas declaracións emitiranse con base nas emitidas polos respectivos representantes de cada un dos concellos que a integran. Estas declaracións orixinais deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

c. No caso das mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, achegarase a seguinte documentación:

– Unha certificación emitida pola secretaría da mancomunidade, consorcio ou área metropolitana, no modelo do anexo II desta orde, na cal se faga constar:

1. O acordo do órgano competente da entidade local polo cal se aproba o proxecto piloto de xestión compartida do servizo ou servizos e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

2. A remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2012, a que fai referencia o artigo 3.3 desta orde. No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de remisión ao Consello de Contas de Galicia e non se admitirán aquelas en que non se faga constar a data de remisión.



O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

d. No caso das agrupacións de concellos, achegarase a seguinte documentación:

– Unha certificación emitida pola secretaría do concello representante no modelo do anexo III desta orde, na cal se faga constar con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos asociados ou agrupados e/ou nas certificacións emitidas polos/as secretarios/as dos concellos integrantes da agrupación:

1. Que todos os concellos integrantes da agrupación aprobaron o proxecto piloto de xestión compartida do servizo ou servizos e aceptaron as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

Nos referidos acordos deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e os acordos deberán estar adoptados antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

2. O nomeamento do/a alcalde/sa representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a e perceptor/a do premio.

3. Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron as contas do concello ao Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio orzamentario 2012, segundo exige o artigo 3.3. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas de Galicia se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

Os acordos deberán estar adoptados e as contas remitidas antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes. O incumprimento destes requisitos ou a falta da referencia expresa ao contido determinado nos números anteriores, aínda que afecte unha soa das entidades agrupadas ou asociadas, determinará a inadmisión da solicitude.

Os acordos orixinais emitidos polos concellos integrantes da agrupación, así como as certificacións emitidas polos/as secretarios/as destes concellos deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

– O instrumento xurídico que regule a agrupación e a xestión dos servizos que integran o proxecto piloto, o cal deberá incluír, en todo caso, a designación do/a alcalde/sa



que actuará como representante da agrupación. A este representante corresponderalle asinar a solicitude e con el efectuaranse todas as actuacións a que o procedemento dea lugar.

4. O defecto nas solicitudes seralles notificado aos interesados pola Dirección Xeral de Administración Local e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días para emendaren os erros ou omisións, con indicación de que, de non facelo así, se terán por desistidos da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria achegaranse ao xurado encargado da súa valoración, de acordo co establecido nestas bases.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional destas bases reguladoras, que teñen carácter administrativo, e os seus efectos rexeranse polo establecido nesta orde e, no seu defecto, pola normativa xeral que sexa de aplicación.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta vicepresidencia e consellería publicará na súa páxina web os nomes dos premiados e os importes dos premios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos premiados e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

3. De acordo co establecido no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os premios outorgados ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a entidade solicitante consente na inclusión e publicidade no dito rexistro dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, feito que terá lugar agás nos casos legalmente establecidos.



4. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión do procedemento. Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Dirección Xeral de Administración Local como responsable do ficheiro.

Artigo 6. *Órganos competentes*

1. A Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia será a unidade administrativa competente para a instrución do procedemento de concesión destes premios e das mencións especiais referidas nesta orde. A dita instrución rematará coa proposta de resolución, que se elevará á persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

2. Corresponderalle á persoa titular da vicepresidencia e consellería referida no número anterior ditar a resolución de concesión dos premios Cooperación Galicia 2014, con indicación do nome do premiado ou premiados e a contía que lle corresponde, e conceder as mencións especiais que procedan.

Artigo 7. *Comisión de valoración*

1. O premio será outorgado por proposta dun xurado, que terá a consideración de comisión de valoración, presidido pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local ou persoa en quen delegue, e integrado por:

– Vicepresidente: o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ou persoa en quen delegue.

– Vogais:

– Un representante das deputacións provinciais designado pola Fegamp.

– Dous alcaldes designados pola Fegamp.

– Dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da Administración local, designadas pola Dirección Xeral de Administración Local.



– Secretario/a: a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais, ou un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Administración Local con nivel mínimo de xefatura de servizo.

2. As decisións do xurado especificarán a avaliación que lles corresponde a cada un dos proxectos presentados á convocatoria, en aplicación dos criterios previstos no artigo seguinte.

En cada unha das categorías establecidas na correspondente convocatoria o premio poderá outorgarse de xeito individual ou declararse deserto. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

O xurado propondrá ademais as mencións especiais correspondentes, de ser o caso.

Artigo 8. *Criterios de valoración*

1. Os criterios que se empregarán para a valoración das candidaturas serán, cun máximo de 100 puntos, os seguintes:

a) Número de concellos participantes no proxecto piloto, ata 10 puntos.

b) Servizos cuxa xestión compartida se pretende establecer ou mellorar e a súa repercusión, ata 20 puntos. Teranse en conta indicadores obxectivos como:

– Número de servizos que integran o proxecto.

– Cifra de poboación total dos concellos participantes.

– Media de poboación atendida en relación co número de servizos.

c) Situación demográfica do ámbito territorial de implantación do proxecto, ata 10 puntos. Neste aspecto teranse en conta os seguintes indicadores:

– Número de núcleos da área do proxecto piloto.

– Dispersión da poboación.

d) Valoración da eficacia e da eficiencia na prestación dos servizos que integran o proxecto piloto, ata 20 puntos. Para a aplicación da puntuación neste criterio, valoraranse



os datos do estudo económico comparativo ou memoria de aforro de custos en aspectos como:

– Estimación do custo anual dos servizos, de os prestar cada concello de xeito individual.

– Estimación do custo anual dos servizos prestados mediante a xestión compartida.

– Cuantificación do aforro de custos.

e) Duración do proceso de implantación do proxecto piloto de xestión compartida, ata 5 puntos. Con base nos cronogramas de implantación, valorarase o prazo de implantación do proxecto. Non se considerarán aqueles cronogramas que non realicen unha adecuada asignación temporal a cada actividade, tarefa ou traballo, necesarios para a correcta implantación do sistema de xestión compartida.

f) Relevancia do proxecto e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego, ata 25 puntos. Para a valoración deste criterio, a Comisión poderá ter en conta, entre outros, aspectos como aquelas actuacións que integran o proxecto que resulten particularmente significativas, o carácter innovador do proxecto, as súas características de intercooperación ou a súa repercusión nos eidos económico, social ou laboral.

g) A calidade da documentación presentada valorarase coa asignación de 1 punto a aquelas solicitudes que se presenten completas e non sexa preciso requirirles a emenda da documentación presentada nin a achega de documentos preceptivos.

h) A aquelas solicitudes presentadas por entidades locais que resultasen distinguidas con mención especial e recibiron diploma de Entidade Local Subvencionable na edición dos premios Coopera Galicia Entidades Locais 2012 e 2013 asignaráselles ata 4 puntos.

i) De conformidade co establecido no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por utilización da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita axuda, acreditada mediante compromiso expreso da entidade solicitante achegado xunto coa solicitude, 5 puntos.

No caso de presentar solicitude unha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, outorgaráselle os 30 puntos máximos previstos nas alíneas a) e b), pola simple presentación da solicitude.



2. Para a asignación de puntuacións naqueles criterios que incorporan referencias a datos de poboación, utilizaranse as cifras oficiais publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

3. No caso das mancomunidades, consorcios e áreas metropolitanas, na asignación da valoración en criterios que recollan a suma dos datos dos concellos participantes teranse en conta os datos de todos os concellos que integran a entidade local de que se trate. No caso de agrupación de concellos, teranse en conta unicamente aqueles concellos que integran o proxecto de xestión compartida.

Artigo 9. *Resolución e notificación*

1. Á vista da deliberación do xurado, contida na acta da sesión en que se concrete a súa avaliación para o outorgamento do premio, a Dirección Xeral de Administración Local elevará proposta de resolución motivada á persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen ditará resolución.

2. A concesión dos premios e das mencións especiais será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no enderezo <http://xunta.es/vicepresidencia-cpapx> e notificaráselles ás entidades premiadas e ás distinguidas coa mención especial.

3. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de catro meses contados desde o día da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A resolución notificaráselles a todas as entidades interesadas, na forma prevista no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo o establecido no artigo 23.5 da mesma lei, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

5. As entidades premiadas disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicaren a aceptación do premio e das condicións contidas na resolución. Transcorrido o referido prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptado, e desde ese momento a entidade premiada adquire a condición de beneficiario.



6. A entrega do premio realizarase nun acto público, no lugar e na data que se determinarán oportunamente.

Artigo 10. *Obrigas específicas dos beneficiarios dos premios económicos*

1. Antes de proceder ao pagamento dos premios, as entidades beneficiarias do premio económico deberán remitir, no mesmo prazo indicado no artigo 9.5 desta orde, a seguinte documentación:

a) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o proxecto premiado, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

b) Declaración responsable de non estaren incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 10, números 2 e 3, da Lei de subvencións de Galicia.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade premiada está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

No caso das agrupacións de concellos, estas declaracións emitiranse con base nas emitidas polos respectivos representantes de cada un dos concellos que a integran. Estas declaracións orixinais deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

2. A documentación das candidaturas premiadas ao abeiro desta convocatoria quedará en poder da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o seu arquivamento, e esta reservará para si o dereito de edición, uso e explotación dos proxectos premiados. A compensación económica polos dereitos de autor que poidan corresponder considerarase incluída na dotación do premio.

Artigo 11. *Réxime de recursos*

Contra a resolución ditada ao abeiro desta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o dis-



posto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 12. *Anulación e reintegro*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas, cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A concesión dos premios regulados nesta orde non está vinculada á execución dos proxectos, pero as entidades beneficiarias dos premios quedan obrigadas a declarar a contía do premio concedido en calquera outro procedemento de subvencións do cal poida derivar financiamento para o mesmo proxecto.

3. No caso de que os beneficiarios incumplan algunha das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá iniciar, se é o caso, un procedemento sancionador, de conformidade co previsto no título IV da dita lei.

Artigo 13. *Control*

As entidades solicitantes e as premiadas quedan sometidas ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, e a aquelas que proceda que realice o Consello de Contas ou o Tribunal de Contas de conformidade co previsto na súa normativa específica.

Ademais, deberán facilitarlle á Dirección Xeral de Administración Local toda a información e documentación complementaria que esta considere precisa para a concesión ou o aboamento do importe do premio.

Sección 2ª. Convocatoria dos premios Coopera Galicia Entidades Locais 2014

Artigo 14. *Financiamento e concorrencia*

1. A convocatoria farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141.A.460.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, ata unha contía máxima de 77.500,00 €.



2. Establécense tres categorías de premios coas seguintes contías:

- 1º premio: 40.000 €.
- 2º premio: 25.000 €.
- 3º premio: 12.500 €.

Artigo 15. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As agrupacións de concellos, as mancomunidades, os consorcios locais e as áreas metropolitanas, segundo proceda, que desexen acollerse aos beneficios desta orde presentarán unha solicitude dirixida á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o modelo que figura como anexo I desta orde.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que se establece no artigo 4 desta orde.

2. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.



5. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 16. *Prazo e duración do procedemento de concesión*

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido na sección 1ª desta orde.

2. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa é o previsto no artigo 9 desta orde.

Artigo 17. *Pagamento*

O pagamento dos premios realizarase logo da presentación da documentación indicada no artigo 10.1 desta orde.

Artigo 18. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Administración Local, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://xunta.es/vicepresidencia-cpapx>).

b) Nos teléfonos 981 54 62 11 e 881 99 71 71.

c) No enderezo electrónico administracionlocal@xunta.es

d) Presencialmente, nas dependencias da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais.

Disposición derradeira primeira. De conformidade co previsto no artigo 4 da Orde do 14 de maio de 2013 (DOG nº 92, do 15 de maio), delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde.



Disposición derradeira segunda. Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, no que non resulte derogado pola normativa anteriormente citada.

Disposición derradeira cuarta. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2014

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS COOPERA GALICIA ENTIDADES LOCAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR420A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

RELACIÓ DE CONCELLOS QUE INTEGRAN A CANDIDATURA PRESENTADA (SÓ NO CASO DE AGRUPACIÓN DE CONCELLOS)

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

CARGO

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS ESPECÍFICOS DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO PILOTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

a) SOLICITUDES DE MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS, CONSORCIOS LOCAIS OU ÁREAS METROPOLITANAS:

1. Que en relación con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.

Solicitáronse e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutros administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dunha subvención establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e particularmente as referidas a estar ao día nas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

3. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

CVE-DOG: ka0jemc9-psv9-xsq3-a4t8-n0be1d2w0ef7





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

b) SOLICITUDES DE AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS:

1. Que en relación con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Solicítáronse e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que ningún dos concellos integrantes da agrupación, participantes na solicitude, está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dunha subvención establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nomeadamente as referidas a estar ao día nas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
3. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que, de conformidade co exixido polo artigo 4.3 da orde, as declaracións orixinais emitidas polos concellos integrantes da agrupación, con base nas que se realiza esta declaración, están en poder do concello representante para a súa achega no procedemento de subvencións, no caso de ser requirido para iso polo órgano tramitador.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Proxecto piloto de xestión compartida de servizos co contido mínimo do artigo 4.3

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA MANCOMUNIDADES, CONSORCIOS E ÁREAS METROPOLITANAS:

- Certificación da remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia (anexo II)
- Certificación do acordo de aprobación do proxecto piloto de xestión compartida de servizos (anexo II)

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS:

- Certificación da remisión das contas dos concellos integrantes da agrupación ao Consello de Contas de Galicia (anexo III)
- Certificación dos acordos de aprobación do proxecto piloto de xestión compartida de servizos (anexo III)
- Instrumento xurídico que regula a agrupación de concellos e a xestión dos servizos que integran o proxecto piloto (só no caso de agrupación de concellos)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta vicepresidencia e consellería publicará na súa páxina web os nomes dos premiados e os importes dos premios concedidos ao abeiro desta orde, que, asimismo figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos premiados e a súa publicación na citada páxina web e o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, coas excepcións legalmente establecidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperación Galicia Entidades Locais 2014 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública de proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, ____ de _____ de _____



Dirección Xeral de Administración Local





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO II

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF


EN CALIDADE DE

CERTIFICO

1. Que esta entidade local, mediante (acordo/decreto/resolución/otros) do/da (Presidencia/Pleno/otros), do , acordou aprobar o proxecto piloto de xestión compartida denominado , cun orzamento total de , e aceptou expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.
2. Que con data do esta entidade local remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2012 ao Consello de Contas de Galicia.

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

, de de XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO III

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

CONCELLO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN

CERTIFICO

1. Que todos os concellos integrantes da agrupación aprobaron, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, o proxecto piloto de xestión compartida denominado , cun orzamento total de .
2. Que todos os concellos integrantes da agrupación aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, así como o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.
3. Que acordaron nomear o/a alcalde/sa do Concello de como representante, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a e perceptor/a do premio.
4. Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, as respectivas contas correspondentes ao exercicio 2012 ao Consello de Contas de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 4.3.d) da orde, esta certificación emítese con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos agrupados e/ou nas certificacións emitidas polos/as secretarios/as dos concellos integrantes da agrupación.

Estes documentos orixinais están en poder do concello representante para a súa presentación no procedemento de subvencións, no suposto de ser requirido polo órgano tramitador.

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

 , de de 